

EXERCICIOS DE LITERATURA: Analiza os seguintes textos

<p>TEXTO 1: Rosalía de Castro Campanas de Bastavales, cando vos oio tocar,</p> <p>Cando vos oio tocar, campaniñas, campaniñas, sin querer torno a chorar.</p> <p>Cando de lonxe vos oio, penso que por min chamades, e das entrañas me doio.</p> <p>Dóime de dor ferida, que antes tiña vida enteira i hoxe teño media vida.</p> <p>Sólo media me deixaron os que de aló me trouxeron, os que de aló me roubaron.</p> <p>Non me roubaran, traidores, ¡ai!, uns amores toliños, ¡ai!, uns toliños amores.</p> <p>Que os amores xa fuxiron, as soidades viñeron... De pena me consumiron</p>	<p>TEXTO 2: Eduardo Pondal</p> <p>Os camiños, os matos montesíos, os garridos ensoños, os lindeiros, os cantos saudosos, os resíos, os cómaros, os pinos, os regueiros: as promesas, os trunfos, os desvíos, as doces esperanzas, os sendeiros; todo me dá suidades e triganzas, todo me trae punxentes memorandas.</p> <p>TEXTO 3: Cantiga de amigo Ai eu, coitada, como vivo en gran cuidado por meu amigo, que hei alongado! Muito me tarda o meu amigo na Guarda!</p> <p>Ai eu, coitada, como vivo en gran desejo por meu amigo, que tarda e non vejo! Muito me tarda o meu amigo na Guarda!</p>
---	--

EXERCICIOS DE CULTURA E SOCIEDADE:

- Explica que significa para Galicia a data do 17 de maio. Por que se escolleu esa data? Dende cando se celebra? Quen foi o autor homenaxeado este ano?